

# COPIA

REGISTRO DE SAÍDA
Nº DE ORDE: 27
DATA: 27/02/2018

Sr. Conselleiro

## Consellería de Economía, Emprego e Industria

Edificios Administrativos - San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DA OFICINA COMARCAL DE LALIN  
PONTEVEDRA

Data 27/02/2018 11:09:53

ENTRADA 1802 / RX 509588



A **ASOCIACIÓN AUTONÓMICA CULTURAL E AMBIENTAL PETÓN DO LOBO**, con CIF. Nº. G-15.777.238, inscrita co nº. 2013/017851 Sección 1 no Rexistro Central de Asociacións, no Rexistro de Entidades de Carácter Ambiental dá Comunidade Autónoma de Galicia, número de Rexistro 2014/129, inscrita no Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia e no Censo de Asociacións e Entidades Culturais de Galicia co CIC: B-01-11/AC-114, Libro: 2- Expte: 4918, e no seu nome e representación D. Ismael Antonio López Pérez con DNI. Nº. 76.822.628Y; a **ASOCIACIÓN AMIGOS E AMIGAS DOS BOSQUES "O OURIOL DO ANLLÓNS"** inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 612359 Sección 1ª, e no seu nome e representación Dª. Ana M. Varela Velo con DNI. Nº. 79.317.316E, con domicilio a efectos de notificacións para todas elas convencionalmente acordado na urbanización Barrio do Campo, 17, Portal 3, 2º A, Silleda (Pontevedra), teléfono 689 532863,

### **EXPOÑEN:**

O día 8 de novembro de 2017 emitouse baixo o número RSCTG 54/2017 Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (Anexo 1). O recurso é de estimación total en relación ao demandado pola Asociación Amigos e Amigas dos Bosques O Ouriol do Anllóns, relativo a unha solicitude de 20 de abril de 2017 de "copia íntegra en formato dixital do inventario de antigos labores mineiros abandonados de 1999 e da súa actualización de 2008; do inventario de labores mineiras abandonadas subterráneas das provincias de Lugo e Coruña de 1999; do protocolo xeral de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Asociación de Escavadores de Galicia de 2010; e do estudio para o recoñecemento de urxencia e valoración de riscos das balsas mineiras e escombres da Comunidade Autónoma de Galicia de 1999."

1. O mesmo día 8 de novembro de 2017 emitouse baixo o número RSCTG 55/2017 Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (Anexo 2). O recurso é de estimación total en relación ao demandado pola Asociación Autónoma Cultural e Ambiental Petón do Lobo, relativo a unha solicitude de 13 de febreiro de 2017 de copia dixital íntegra dos expedientes administrativos dos dereitos mineiros San Antonio 1789, Oportuna 1792, Ampliación a Oportuna 2912, Santa Bárbara 1802, Carmen 1807, Santa María 1790 e Carballeira 1801.
2. Con posterioridade, en oficios de 27/11/2017 (Anexo 3), a Subdirectora Xeral de Recursos Minerais María José Mijares Coto, envía á Asociación Autónoma Cultural e Ambiental Petón do Lobo e á Asociación Amigos e Amigas dos Bosques O Ouriol do Anllóns

requerimento de acreditación de representación, advertindo que "de non darse cumprimento a este requerimento" se terá ás asociacións como desistidas da solicitude sobre a que recae resolución firme da Comisión de Transparencia.

3. En escrito de 4 de decembro de 2017, a Asociación Autónoma Cultural e Ambiental Petón do Lobo responde ao oficio de 27/11/2017, acreditando a representación (Anexo 4); en escrito de 5 de decembro de 2017, a Asociación Amigos e Amigas dos Bosques O Oural do Anllóns (Anexo 5), fai o mesmo, lembrando ademais á Dirección Xeral de Enerxía e Minas o contido da resolución da Comisión de Transparencia de Galicia (RSCTG 54/2017) e o dereito desa parte a "acceder á copia íntegra en formato dixital" dos inventarios e restante documentación solicitada.
4. Desde 27/11/2017, non se voltou a recibir ningunha comunicación en relación ao acceso aos expedientes do Grupo Mineiro Santa Comba, a pesar da resolución firme da CTG (RSCTG 55/2017), producíndose unha situación de flagrante incumprimento; En relación á outra solicitude e correspondente resolución da CTG, na última semana de decembro recíbese escrito asinado polo Director Xeral de Enerxía e Minas, Ángel Bernardo Tahoces, en 15/12/2017, de "Comunicación de posta de disposición de documentación solicitada" (Anexo 6). O escrito simula emitirse en cumprimento da resolución RSCTG 54/2017 da CTG, pero nel só se permite a consulta da documentación á que fai referencia o punto primeiro nas dependencias da Dirección Xeral, en horario de mañá e previa cita, algo que nunca foi solicitado: tanto a solicitude orixinal como a resolución da CTG fai referencia a solicitude de copia íntegra en formato dixital da documentación pública en cuestión.
5. A continuación, o documento pretende, en primeiro lugar, negar o carácter ambiental da información solicitada; a seguir, pretender darlle un cariz de información ligada á "seguridade pública", obxecto de restricións específicas; e, finalmente, contraria o criterio legal de información pública, indicando que se trata de "documentos de traballo para a administración" (?), concepto que se descoñece. Finaliza a comunicación realizando diversas advertencias, apercibimentos expresos e manifestación de responsabilidades derivadas do uso da información da que non se proporcionou a copia solicitada. Non se inclúe copia en formato dixital ou en calquera outro soporte da información solicitada, incumprindo por tanto os termos da resolución da CTA. Cabe destacar expresamente que os máis voluminosos documentos (en particular o Inventario de explotacións abandonadas e o estudo para o recoñecemento de urxencia e valoración de riscos de balsas e escombreyras) están xa en poder da administración en formato dixital, no caso do inventario como base de datos en CD-ROM que incorpora de xeito facilmente accesible toda a documentación existente en papel; e no caso do estudo de riscos de balsas e escombreyras, de xeito unicamente dixital, unha vez que o inventario de balsas e escombreyras de dito estudo se encontra unicamente en CD-ROM, sendo a carpeta encadernada na que se encontra un simple formato de presentación. Carece de sentido que o persoal da asociación solicitante se persone en horario laboral na Dirección Xeral, cando nin solicitou realizar tal vista, nin esta tería ningún sentido práctico, dado que a información da que se pediu copia íntegra dixital, implica meses de traballo de estudo e análise, e está, ademais, na súa maior parte ou totalidade xa en formato dixital.
6. Por todo o exposto, conséntase unha continuidade do incumprimento desa Dirección Xeral de Enerxía e Minas non só en termos xerais co disposto na Lei 1/2016 de Transparencia e Bo Goberno, así como na Lei 27/2006 relativo ao acceso á información ambiental, máis neste caso a dúas resolucións expresas e firmes da Comisión de Transparencia de Galicia.

Atendendo ao exposto, **SOLICÍTASE:**

**PRIMEIRO.-** Que en relación á solicitude de 20 de abril de 2017, en relación á cal se dictou Resolución RSCTG 54/2017 da Comisión de Transparencia de Galicia, se tomen as medidas oportunas para entregar á asociación solicitante:

- Copia en formato dixital do Inventario de Antigos Labores Mineiros Abandonados da Comunidade Autónoma de Galicia de 1999, e da súa actualización de 2008, en particular da documentación en formato dixital.
- Copia en formato dixital dos Inventarios de labores mineiras abandonadas subterráneas das provincias de Lugo e Coruña (1999), en particular da base de datos dixital (CD-ROM) que acompaña os volumes do inventario.
- Copia en formato dixital do "Protocolo xeral de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Asociación de Escavadores de Galicia para a posta en seguranza de ocios orixinados por aproveitamentos mineiros abandonados e a recuperación do seu espazo natural degradado" de 12 de xaneiro de 2010, e dos expedientes de plans de posta en seguridade realizados ao seu abeiro.
- Copia en formato dixital do "Estudio para o recoñecemento de urxencia e valoración de riscos das balsas mineiras e escombreciras da Comunidade Autónoma de Galicia" (1999), e particularmente do seu Inventario que xa obra en formato dixital (CD-ROM).

**SEGUNDO.-** Que en relación á solicitude de 13 de febreiro de 2017, en relación á cal se dictou Resolución RSCTG 55/2017 da Comisión de Transparencia de Galicia, se tomen as medidas oportunas para entregar ás asociacións solicitantes:

- Copia íntegra en formato dixital dos expedientes do Grupo Mineiro Santa Comba da Mina de Varilongo, actualmente propiedade de "Galicia Tin & Tungsten SL", e que se corresponde coas concesións Ac/C/01789, San Antonio, Ac/C/01792 Oportuna, Ac/C/02912, Ampliación a Oportuna, Ac/C/01802 Santa Bárbara, Ac/C/01807 Carmen, Ac/C/01790 Santa María, Ac/C/01801 Carballeira.

En Corcoesto, a 27 de febreiro de 2018,

**ASOCIACIÓN AMBIENTAL PETÓN DO LOBO**



The image shows a blue ink signature over a circular red stamp. The stamp contains the text: "Reg. central nº 17.851 - Amb. autónomo", "G.I.F. : G - 15 717 238", "ASOCIACIÓN", "PETÓN DO LOBO", and "Rectoral, nº3, Corcoesto 27100 - Cabana de Bergantinos - A Coruña".

Asdo.- Ismael Antonio López Pérez

**ASOC. AMIGOS E AMIGAS DOS BOSQUES**



The image shows a blue ink signature over a circular red stamp. The stamp contains the text: "AMIGOS Y AMIGAS DOS BOSQUES", "O OURIOL DO ANILLÓN", and "O OURIOL DO ANILLÓN".

Asdo.- Ana Martina Varela Velo